



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CPI Ponte Carreira

Rúa do Ensino s/n 15686 Gafoi – Frades

Tfnos: 881880671 – 881880672

[cpi.ponte.carreira@edu.xunta.es](mailto:cpi.ponte.carreira@edu.xunta.es)



Estimados pais/nais do CPI Ponte Carreira,

A **dirección do centro** informa que:

Debido ao estado de alarma, que nos obriga a estar confinados nas nosas casas, estamos utilizando a **aula virtual vinculada ao centro**, como unha ferramenta máis que contribúe á continuidade da aprendizaxe do noso alumnado neste curso escolar.

Nun primeiro momento, ao alumnado trasladóuselle material e información para poder seguir traballando na casa durante os primeiros quince días de confinamento. Pero tras a confirmación da ampliación do estado de alarma ata o 11 de abril, tivemos que buscar outras opcións que nos permitan seguir en contacto.

Na aula virtual vanse distribuír actividades por cursos e por días. Cada profesor que a utilice vai poñer as tarefas que estime oportunas (*xa que hai mestres que usan outras canles de comunicación co alumnado e con vós*) para repasar o xa aprendido e se fixese falta, continuar cos contidos programados ao longo do curso.

Coa información que temos ata o de agora, debes saber que non son actividades obrigatorias nin avaliábeis pero, o seu obxectivo é axudar ao noso alumnado nas súas aprendizaxes. Ademais poden axudar na tarefa do coidado dos/as nenos/as xa que estarán algo máis ocupados ao tempo que aprenden ou afianzan coñecementos e manteñen as súas rutinas.

Todos ides recibir nestes días un correo cun **nome de usuario** e **contrasinal** e as pertinentes instrucións para darvos de alta na aula virtual.

Seguimos en contacto con vós a través do teléfono e da páxina web do centro <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpipontecarreira/>

Un saúdo e moito ánimo de parte de todo o equipo docente de Ponte Carreira.